

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 17 DE XANEIRO DE 2011.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

D^a. Ana María Abad López

Xustifica a súa ausencia:

D. Jaime Pernas Rodríguez

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día dezasete de xaneiro de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE 15 DE NOVEMBRO E DE 27 DE DECEMBRO DE 2010.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borradores das actas plenarias de data 15 de novembro e 27 de decembro de 2010.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-los borradores da actas das sesión plenarias de datas 15 de novembro e 27 de decembro de 2010.

2º) MOCION DO BNG RELATIVO Á PROPOSTA DO GOBERNO DO ESTADO SOBRE A REFORMA DAS PENSIONS. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Fernández Bouza dáse lectura e explícanse os aspectos máis salientables da moción do epígrafe que a seguir se transcribe literalmente:

“Xesús Xosé Fdez. Bouza, portavoz do Grupo político do BNG de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actual crise económica está a ser o marco idóneo para que tanto o Goberno do Estado como a Xunta de Galiza estean a levar a cabo medidas de claro carácter antisocial, que seguindo os ditados de organismos como a UE, o FMI ou a OCDE, e baixo o pretexto de reducir gastos e fomentar unha política de austeridade, están a supoñer un forte recorte das prestacións e servizos sociais, e polo tanto, un empeoramento das condicións de vida da maioría da poboación.

Neste contexto, o último paso é o anuncio do Goberno do Estado de que presentará a finais de xaneiro unha proposta de reforma do sistema de pensións. Este anuncio ven encadrado nunha campaña con numerosas declaracións tanto do Goberno como de membros e institucións destacadas da dereita económica e dos poderes financeiros que tentan amosar unha imaxe alarmista e catastrofista do sistema público de pensións, aludindo á súa futura insostibilidade, coa clara intención de crear alarma social, que é o mellor recurso para posteriormente xustificar reformas regresivas na Seguridade Social e abrir o campo a fondos de pensións privados e á privatización do propio sistema.

CONCELLO DE XOVE

Así, as declaracións que os diferentes membros do goberno do Estado están a facer sobre as medidas que se contemplarán nesta reforma non poden ser máis preocupantes. Anúnciasenos o incremento da idade legal de xubilación até os sesenta e sete anos, e anúnciasenos tamén pensións de menor contía, a través da fórmula de incrementar os anos para o cómputo da contía da pensión. Estas dúas medidas, de levarse adiante, suporán un empeoramento das condicións de vida da gran maioría da poboación, ao ter que traballar máis anos e recibir unha pensión menor.

Segundo o propio ministro de Traballo e Inmigración, a reforma incluírá o retraso da idade de xubilación até os sesenta e sete anos, o que suporía a maior idade legal de xubilación dos países do noso entorno. Non é esta a medida máis acaída para fomentar o reparto do traballo e loitar contra o altísimo desemprego xuvenil, que se sitúa no 34,6% en Galiza (III trimestre da EPA).

Ademais, o goberno do Estado está a propoñer modificacións no cálculo da contía das pensións. Na actualidade a contía da pensión calcúlase en función do base reguladora da persoa cotizante nos seus últimos quince anos antes da xubilación, e o goberno propón ampliar este período até os vinte anos nunha primeira estancia, propoñendo que nunha segunda fase se eleve até os vintecinco anos. O incremento no período de cálculo diminúe a contía da pensión a percibir na maioría dos casos.

Diversas persoas especialistas en economía estiman que, por cada incremento dun ano no período de cálculo da pensión, a contía descende de media nun 1%. Así, de incrementarse en cinco anos este cómputo, a pensión media dun galego ou galega, que está en 730,70 euros mensuais, descendería en 36,5 euros cada mes, e 511 euros anuais. Isto significa que ao ano, Galiza deixará de percibir en concepto de pensións, 227,3 millóns de euros anuais. Estes descensos duplicaríanse nunha segunda fase que prolongaría este período até os vintecinco anos.

O BNG afirma que o actual sistema de pensións é sólido e solvente, e tamén que poden ser necesarias algunhas reformas no mesmo, pero as mesmas deben servir para corrixir os aspectos regresivos que contempla o Pacto de Toledo, pacto apoiado polo PP e polo PSOE, e que supuxo o primeiro paso para o retroceso do carácter público do Sistema de Pensións. Polo tanto o BNG oponse frontalmente á reforma tal como a ten anunciado o goberno do Estado.

Non obstante, a reforma das pensións non é o único motivo para preocupámonos. Tanto a Xunta de Galiza como o Goberno do Estado acaban de levar a cabo medidas que provocarán grandes dificultades, especialmente a aquelas persoas que se encontran en situación de desemprego e carecen de calquera cobertura económica.

Os galegos e as galegas por debaixo do limiar da pobreza ascenden a máis de 600.000 persoas. Non obstante, o número de persoas receptoras da renda de integración social de Galiza (RISGA) é menor de 5.000 e os orzamentos elaborados pola Xunta de Galiza para 2011, malia recoñecer que vai haber un incremento de solicitudes do 18%, para 2011, vén conxelar para 2011 as partidas dedicadas a estas persoas, como son as prestacións sociais de carácter periódico destinadas a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, como a renda de integración social de Galiza (RISGA); as Axudas de Emerxencia Social; o Servizo de Asistencia no Fogar e as destinadas ao financiamento dos Plans Concertados e de Servizos Sociais Comunitarios, última esperanza de obter un ingreso para moitos galegos e galegas que carecen de calquera outro apoio. Ademais, o goberno do PP recorta drasticamente os recursos destinados as políticas sociais e, nomeadamente, as transferencias que en materia social realiza a administración galega aos concellos.

Neste contexto a supresión por parte do Goberno do Estado da axuda de 426 euros que viñan recibindo 9.000 galegos e galegas, agrava as consecuencias dos recortes sociais practicados pola Xunta de Galiza, incrementando a pobreza e agravando as desigualdades no noso país, especialmente nun momento no que os traballadores e traballadoras que perderon o seu emprego no punto máis álxido da crise (finais de 2008 e comezos de 2009) están a piques de esgotar a cobertura por desemprego.

CONCELLO DE XOVE

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO

1. Instar ao Goberno do Estado a que retire a actual proposta sobre a reforma das pensións e, nomeadamente, que se defendan os seguintes criterios ante unha futura reforma:

- A idade legal de xubilación debe permanecer nos sesenta e cinco anos.*
- O período para o cálculo da contía da pensión manterase os quince anos de cotización, podendo optarse por fórmulas que permitan seleccionar o período da vida laboral con maiores bases de cotización da futura persoa pensionista.*

2. Instar ao Goberno do Estado a manter o Programa Temporal de Protección por Desemprego e Inserción (PRODI) co fin de asegurar que ningunha persoa desempregada quede sen cobertura.

3. Instar á Xunta de Galiza a incrementar substancialmente a dotación orzamental para a inclusión social e, en concreto, incrementar a contía da RISGA e das Axudas de Emerxencia Social.

Polo Sr. Alcalde manifestase que o seu grupo oponse radicalmente ós recortes sociais previstos polo Goberno Socialista, razón pola cal vai votar a favor da aprobación da moción, a pesar de non estar en absoluto de acordo con algunhas das afirmacións contidas na mesma, relativas ós orzamentos da Xunta de Galicia.

Polo Sr. Vázquez Fra manifestase que o grupo de AVEXO vai votar tamén favorablemente polas mesmas razóns cas sinaladas polo Sr. Alcalde.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que tamén vai votar a favor da aprobación da moción, pero deixando claro que as medidas anunciadas polo Goberno do Estado están sendo obxecto de negociación entre tódolos grupos políticos é as forzas sociais (sindicatos e empresarios) para intentar conseguir o maior consenso posible.

Rematado o debate, por unanimidade de tódolos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-la moción do epígrafe, anteriormente transcrita.

3º) MOCIÓN CONTRA OS RECORTES SOCIAIS NOS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALIZA DE 2011. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Fernández Bouza dáse lectura e explícanse os aspectos máis salientables da moción do epígrafe que a seguir se transcribe literalmente:

“Xesús Xosé Fernández Bouza, Portavoz do Grupo Municipal do B.N.G. de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno da Corporación.

MOCIÓN CONTRA OS RECORTES SOCIAIS NOS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALIZA DE 2011

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os orzamentos elaborados pola Xunta de Galiza para 2011 recortan drasticamente os recursos destinados as políticas sociais e, nomeadamente, as transferencias que en materia social realiza a administración galega aos concellos.

Xusto cando, por efecto da crise económica, maior é a necesidade de recursos e prestacións sociais para atender as persoas que con máis dureza están a sufrir as súas consecuencias, o PP na Xunta de Galiza, por medio dos orzamentos, vén conxelar para 2011 as partidas dedicadas a estas persoas, como son as prestacións sociais de carácter periódico destinadas a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, como a renda de integración social de Galiza (RISGA); as Axudas de Emerxencia Social; o Servizo de Asistencia no Fogar e as destinadas ao financiamento dos Plan Concertado e de Servizos Sociais Comunitarios.

CONCELLO DE XOVE

Ademais o goberno do PP na Xunta, reduce até deixar en 1,7 millóns de euros a transferencia ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para políticas de inclusión social, que este ano dispoñía de 4,1 millóns, eliminando así preto de 2,5 millóns de euros o que afecta fundamentalmente a centros de día e outros equipamentos sociais. As transferencias globais da Xunta de Galiza ao Consorcio son de 5 millóns de euros de recorte, pasando dun orzamento de 48,1 millóns a 43,1 millóns de euros.

Afectan estes graves recortes sociais tamén aos fondos destinados para o desenvolvemento do segundo Plan Galego de Inclusión Social. Só dedica 150.000 euros para atender as persoas sen fogar e deixa en pouco máis de 400.000 euros os fondos destinados aos concellos para o Plan de Atención a Comunidade Xitana.

Resulta tamén grave o feito de eliminar os fondos destinados aos concellos para programas de apoio as familias, onde desaparecen preto de 1,2 millóns de euros e tamén se eliminan os fondos destinados aos equipos de inclusión social das cidades de Galiza e o Consorcio das Mariñas, onde desaparecen, así mesmo, preto de 1,2 millóns de euros.

A Xunta de Galiza e o Parlamento galego deben resolver que os orzamentos para 2011 aseguren os recursos necesarios para que os concellos sigan ofrecendo á sociedade os servizos e prestacións sociais que esta demanda, especialmente diante da crise económica e social que atravesamos, e en concreto:

Incrementar nunha porcentaxe mínima do 50% as partidas destinadas as rendas de integración social (RISGA), as axudas de emerxencia social e ao Servizo de Asistencia no Fogar.

Dedicar, como mínimo, ao Plan Concertado e ao Programa de Servizos Sociais Comunitarios, as cantidades consignadas nos orzamentos de 2009 (20 millóns de euros e 10 millóns de euros, respectivamente).

Dedicar unha partida mínima de 5 millóns de euros ao desenvolvemento do segundo Plan Galego de Inserción Social a través das oficinas de I+B, dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Dedicar, como mínimo, 1 millón de euros á execución do Plan Especial de Atención a Comunidade Xitana.

Dedicar un partida mínima de 500.000 euros ao Programa de Atención a Persoas sen Fogar.

Restabelecer e incrementar nunha porcentaxe como mínimo do 20%, respecto ao consignado nos orzamentos de 2010, os fondos destinados aos concellos para apoio as familias e aos convenios para os equipos de inclusión social das sete cidades e do Consorcio das Mariñas.

E, finalmente, os concellos galegos deben, consecuentemente, comprometerse a manter e respectar sen recorte algún, de cara aos orzamentos de 2011, os investimentos en servizos sociais previstos nos orzamentos de 2009 ou 2010, segundo o último orzamento aprobado.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza e ao Parlamento galego a que, os orzamentos para 2011, aseguren os recursos necesarios para que os concellos poidan ofrecer á sociedade os servizos e prestacións sociais que esta demanda e necesita, especialmente diante da crise económica e social que atravesamos. Concretamente, os recursos destinados ás rendas de integración social, axudas de emerxencia social, servizo de axuda no fogar, plan concertado e programa de servizos sociais;

CONCELLO DE XOVE

desenvolvemento do plan galego de inserción social, atención a comunidade xitana, a persoas sen fogar, apoio as familias e aos equipos de inclusión social.”

Polo Sr. Alcalde contestase que os datos que manexa o BNG non son certos xa que os Orzamentos da Xunta para o ano 2011 sufriron un recorte de financiamento superior aos 1.177 millóns de euros, debido fundamentalmente a decisións do goberno socialista, como son:

- A imposición dun novo límite para o endebedamento.
- A redución de fondos finalistas do Estado.
- A diminución das entregas a conta do modelo de financiamento.
- A devolución das liquidacións negativas do ano 2008.

Polo tanto, os orzamentos da Xunta redúcense un 10,8% sen embargo para o goberno do PP o gasto social é unha prioridade; pois, con estes Orzamentos é a primeira vez en que as partidas destinadas a gasto social supoñen o 75% do total dos orzamentos. En conclusión, os orzamentos da Xunta son realistas e austeros, ademais de garantir as prestacións sociais durante esta situación de crise á que nos conduciu un goberno socialista.

Sinala o Sr. Alcalde que a política social de Zapatero e do seu goberno é un claro exemplo dun goberno antisocial. En época de crise os recortes do goberno Central afectan, sobre todo, ás persoas máis desfavorecidas (parados, persoas de rendas mínimas, pensionistas, dependentes...):

- Elimina os 426 €/mes aos parados de longa duración, polo que máis de 9.000 galegos vense privados deste subsidio. Conxela as pensións, mentres que o goberno de Feijoo aumentan un 3% as pensións non contributivas.
- A redución que aplica o Estado para o 2011 da Lei da dependencia é dun 17%, mentres que o goberno de Feijóo auméntaa nun 3%.
- O Estado achega o 25% á Lei de dependencia mentres que Galicia ten que facerse cargo do 75%.
- O goberno Central reduce para o ano 2011 un 12% a achega que fai aos concellos a través do Plan Concertado, mentres que a Xuntade Galicia mantén o investimento.
- O Estado elimina o cheque bebé (2.500 €).

En relación co RISGA o Sr. Alcalde sinala que, mentres que o PSOE conxela as pensións, a Xunta de Galicia destinará máis de 25 millóns de Euros á Renda de Inserción Social (RiSGA) e a Axudas de Emerxencia Social. Con respecto ao ano pasado incrementase a súa cuantía en 600.000 €, un 3%.

No que se refire ó Plan Concertado o Sr. Alcalde manifesta que as aportacións máis elevadas da Xunta de Galicia ao Plan Concertado producíronse nestes dous últimos anos de goberno do PP na Xunta de Galicia. Se comparamos a aportación da Xunta bipartita en 2007 coa da actual Xunta en 2010 o incremento é superior ao 50% (máis de 5 millóns de euros).

Este incremento superior ao 50% contrasta co mínimo aumento das aportación estatal: só do 1,13%. Agora neste ano 2011, a redución no Plan Concertado faise só sobre os gastos de persoal, aplicando unha porcentaxe menor que a do 5% de redución media que sofren os salarios dos empregados públicos, polo que os investimentos da Xunta de Galicia no Plan Concertado mantéñense en comparación co ano anterior. Sen embargo a redución que experimenta a aportación estatal é do 12%.

CONCELLO DE XOVE

Doutra parte, no relativo ao programa de apoio ás familias non hai unha desaparición de 1,2 Millóns de Euros como din o BNG xa que a partida de educadores familiares xa está incluída dende o ano 2009 no Plan Concertado.

En referencia o Plan de Desenvolvemento Xitano o Sr. Alcalde salienta que este Plan é cofinanciado entre a Xunta e o Ministerio, sen embargo mentras a Xunta incrementou con fondos propios a súa aportación, fundamentalmente nos dous últimos anos, o Estado minorou dun xeito substancial as súas aportacións. Así por exemplo mentras que no ano 2004 (Co goberno do PP en Madrid) a aportación do Ministerio era lixeiramente superior á aportación da Xunta; no ano 2010 a aportación do goberno socialista foi só unha décima parte da aportación do goberno de Feijóo.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que polas razóns expostas o seu grupo vai votar en contra da a probación da Moción agás que o BNG acepte unha enmenda transaccional neste sentido: "O concello de Xove Insta á Xunta de Galicia a que continúe preservando as prestacións e servizos sociais básicos para a cidadanía; entre eles que manteña o seu investimento no Plan Concertado e que incremente as dotacións destinadas á RISGA e ás axudas Emerxencia Social. Instar ao Goberno do Estado a que rectifique as súas políticas antisociais recollidas nos Orzamentos Xerais do Estado de 2011, e en particular para o caso de Galicia que incremente as súas aportacións ao Plan Concertado e a que financie na porcentaxe legal do 50% as súas obrigas derivadas da Lei de Dependencia.

Polo Sr. Fernández Bouza manifesta que non acepta de ningunha maneira a proposta do PP xa que suporía cambiar radicalmente o seu sentido e contido.

Remata a súa intervención o Sr. Fernández Bouza sinalando que non é de recibo a postura do PP de escusarse e agocharse nos supostos erros do Goberno Central para non facer absolutamente nada para saír da crise e intentar mellora-la calidade de vida dos galegos e galegas.

Polo Sr. Vázquez Fra manifestase que esta de acordo co manifestado polo Sr. Alcalde.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que o pleno municipal non é nin o Parlamento Galego nin o Congreso dos Diputados engandidos que os datos manexados polo BNG e o PP son tan radicalmente diferentes que alguén está faltando a verdade.

Rematado o debate, a corporación cos votos en contra dos Concelleiros/as Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Balseiro Canoura, Vázquez Fra, Fernández Basanta e Casabella Lage e coa abstención do Concelleiro Ben Fernández acorda rexeita-la aprobación da Moción do Epígrafe anteriormente transcrita.

O Sr. Fernández Bouza vota a favor da aprobación da Moción de referencia.

4º) MOCIÓN DO BNG PARA GARANTIR OS INVESTIMENTOS NO ENSINO PÚBLICO. **ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Polo Sr. Fernández Bouza dáse lectura e explícanse os aspectos máis salientables da moción do epígrafe que a seguir se transcribe literalmente:

“Xesús Xosé Fdez. Bouza, portavoz do Grupo político do BNG de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno.

MOCIÓN PARA GARANTIR OS INVESTIMENTOS NO ENSINO PÚBLICO

CONCELLO DE XOVE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Para garantir a calidade educativa do ensino público de Galiza é necesario que o investimento público garanta o acceso á mesma en igualdade de condicións para todos os nenos e nenas. Esta premisa é aínda máis importante en época de crise xa que podemos ver acentuadas as diferenzas entre as familias para poder manter un acceso igualitario á educación. Non obstante, para o vindeiro ano 2011 os orzamentos de Educación da Xunta de Galiza sofren unha baixada importante de case un 7% que afasta cada vez máis a Galiza de conseguir o obxectivo de aproximarse ao 6% do PIB.

O preocupante desta caída é que afecta de forma moi directa á partida de investimento, xa que existe unha redución drástica que pode chegar a poñer en perigo a conservación e mellora dos centros de ensino públicos. Asemade a redución é moi significativa en partidas que teñen como destinatario directo o alumnado. De feito as bolsas para aprendizaxe de idiomas sofren un recorte de máis do 35%, as bolsas para realizar prácticas en empresas de formación profesional máis dun 52% e as bolsas para o alumnado universitario preto do 50%. Destacando tamén o elevado recorte que sofren as axudas as ANPAs para a xestión de comedores escolares que chega a un 35%. Esta redución pode implicar que en moitos centros o servizo de comedor chegue a estar en perigo. Non obstante, e como mostra da liña política que segue o PP na Xunta de Galiza, a mesma Consellaría reserva 2 millóns de euros para cambiar os libros de texto de galego a castelán para o próximo curso.

Por todo isto, o Grupo Municipal do BNG proponlle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar ao Presidente da Xunta de Galiza para que a Consellaría de Educación:

- *Manteña as partidas de bolsas para o alumnado, destinadas a estudar idiomas, bolsas para as prácticas de FP e para os estudos universitarios, cun importe como mínimo ao recollido nos orzamentos deste ano 2010.*
- *Manteña a partida adicada a axudas as ANPAS para a xestión dos comedores escolares cunha dotación que como mínimo se equipare á dos orzamentos da Xunta de 2010.*
- *Incorpore aos orzamentos de 2011 os recursos suficientes para que as reparacións e mantemento dos centros públicos de ensino estea garantida.*

Polo Sr. Alcalde sinálase que tal e como xa manifestou no debate do Moción anterior, Orzamentos da Xunta para o ano 2011 sufriron un recorte de financiamento superior aos 1.177 millóns de euros, debido fundamentalmente a decisións do goberno socialista, como son:

- *A imposición dun novo límite para o endebedamento.*
- *A redución de fondos finalistas do Estado.*
- *A diminución das entregas a conta do modelo de financiamento.*
- *A devolución das liquidacións negativas do ano 2008.*

Polo tanto, os orzamentos da Xunta redúcense un 10,8%, sen embargo para o Goberno do PP o gasto social é unha prioridade; pois, con estes Orzamentos é a primeira vez en que as partidas destinadas a gasto social supoñen o 75% do total dos orzamentos. En conclusión, os orzamentos da Xunta son realistas e austeros, ademais de garantir as prestacións sociais durante esta situación de crise á que nos conduciu un goberno socialista.

CONCELLO DE XOVE

Sinala o Sr. Alcalde que en relación co Plan de Potenciación das linguas estranxeiras e bolsas, a Xunta aprobou o Plan Galego de Potenciación de Linguas Estranxeiras no que se investirán 51,5 Millóns de euros ata 2013, co obxectivo de que se beneficien do mesmo 40.000 alumnos e deste xeito converxer con Europa en competencias lingüísticas. O plan prevé a creación de 160 centros plurilingües, que impartan ata un terzo das materias en inglés, ademais da implantación de 1.800 seccións bilingües, a formación de 13.000 docentes e 6.600 profesionais de distintos ámbitos laborais, a ampliación de oferta das escolas oficiais de idiomas, e de que máis de 16.000 estudantes poidan realizar estancias no estranxeiro. Esta iniciativa ten como obxectivos:

- Triplicar o número de alumnos que estuden unha lingua estranxeira.
- Duplicar o financiamento nesta materia en relación ao investimento do bipartito.
- Multiplicar por 6, ata 450, o número de auxiliares de conversación nativos en lingua estranxeira para apoiar a aprendizaxe en inglés.

Este Plan xa se iniciou neste curso, con medidas como:

- A creación de 58 Centros Plurilingües e de 1519 seccións bilingües.
- 3.077 bolsas para que os alumnos poidan completar as súas competencias lingüísticas noutros países.
- 262 auxiliares de conversa para o apoio na aprendizaxe dun idioma estranxeiro.

No relativo ás bolsas; salienta o Sr. Alcalde que a Xunta de Galicia dedicarlle mais de 1.200.000 € a bolsas para estudos de FP e mais de 3.000.000 € para estudos universitarios, o que supón un lixeiro descenso en relación co exercicio anterior, consecuencia da desaparición das bolsas correspondentes ao terceiro ciclo porque xa non existe, aínda que se verán incrementadas por outras de importante significación social que contemplaran as necesidades debidas a situacións imprevistas, á aprendizaxe das linguas, así como a realización de prácticas no estranxeiro, de tal xeito que ningún alumno que precise de axuda se vexa privado dela.

Respecto dos comedores escolares, manifesta o Sr. Alcalde que a Xunta incrementará en un millón de Euros os recursos para a xestión directa dos comedores escolares, o que supón un incremento de mais de un 4 % en relación co orzamento previsto no 2010, e 10 millóns de Euros mais que o que destinou o goberno bipartito en 2007 cando estableceu a normativa coa que pretendía universalizar este servizo. Doutra parte, a pesares de que a dotación de axudas ás ANPAs vese diminuída con respecto a 2010, a Xunta intensificará neste curso a relación de coordinación con algúns concellos para a xestión directa o que compensará a diminución na participación das ANPAs.

Polo tanto, a pesar de que o bipartito deixou un burato de 4,5 Millóns de euros na partida de comedores escolares, os orzamentos da Xunta para o ano 2011 van garantir a prestación do servizo de comedores escolares, con menús saudables a disposición dos alumnos de Galicia.

Por último, e en relación coas reparacións e mantemento de centros públicos de Galicia sinala o Sr. Alcalde que a pesares do axuste económico á que nos obriga a situación de crise na que nos atopamos, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria manterá un financiamento igual ou superior en recursos destinados a gastos de funcionamento dos centros, profesorado, comedores e transporte escolar, incorporación das TIC no ensino e fomento do plurilingüismo, entre outros, o que garante a calidade na prestación do servizo educativo. E os axustes que inciden no capítulo de obras permitirán, non obstante, manter os niveis requiridos para o normal funcionamento dos centros educativos.

CONCELLO DE XOVE

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que polas razóns expostas o seu grupo vai votar en contra da aprobación da Moción agás que o BNG acepte unha enmenda transaccional neste sentido: "O concello de Xove insta á Xunta de Galicia a que:

- Siga desenvolvendo o Plan Galego de Potenciación das Linguas Estranxeiras, dotándoo dos recursos necesarios para aplicación das medidas previstas no mesmo .
- Incremente a oferta de prazas nos comedores escolares xestionados directamente pola Xunta, sen prexuízo de que se continúe apoiando con partidas nos Orzamentos ás ANPAS que administren comedores escolares.
- Continúe realizando as actividades de reparación e mantemento dos centros públicos de ensino.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que rexeita a modificación da súa moción manifestando que resulta intolerable a política do PP de intentar agocha-lo abandono e desprezo ó que ten sometido o idioma galego coa cortina de fume dunha presunta potenciación do estudo de linguas estranxeiras.

Polo Sr. Vázquez Fra manifestase que esta de acordo co manifestado polo Sr. Alcalde.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que vai votar a favor da aprobación da Moción.

Rematado o debate, a corporación cos votos en contra dos Concelleiros/as Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Balseiro Canoura, Vázquez Fra, Fernández Basanta e Casabella Lage acorda rexeita-la aprobación da Moción do Epígrafe anteriormente transcrita.

Os Concelleiros Fernández Bouza e Ben Fernández votan a favor da aprobación da Moción de referencia.

5º) PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE Á ADHESIÓN DO CONCELLO DE XOVE Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN FORMALIZADO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA O DESENVOLVEMENTO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse lectura á proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe:

“D. JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove,

VISTA a comunicación recibida da Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza verbo do Convenio de colaboración formalizado con data 13/07/2010 entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da administración electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

VISTO o contido do Convenio de referencia obrante no expediente.

CONSIDERANDO que a adhesión ó mesmo suporía importantes beneficios no eido da modernización da administración municipal así como o mantemento dos servizos amparados no Convenio de Portelo Único.

Pola presente.

Propoño ó Concello Pleno a adopción de acordo polo que se aprobe a adhesión do Concello de Xove ao Convenio de colaboración formalizado con data 13/07/2010 entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da

CONCELLO DE XOVE

administración electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia, facultando expresamente a esta Alcaldía Presidencia para a cumprimentación e sinatura do protocolo de adhesión que figura como Anexo II do Convenio.”

A Corporación por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aproba-la proposta de Alcaldía do epígrafe anteriormente transcrita.

6 9) PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE REGULARIZACIÓN XURÍDICA DOS FICHEIROS CON DATOS DE CARÁCTER PERSOAL INCLUIDOS NO PROGRAMA GESTIONA.ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó concello Pleno da proposta da Alcaldía obrante no expediente que a seguir se transcribe integramente:

“D. JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove,

VISTA, a necesidade de regulariza-la situación dos ficheiros existentes no concello e que conteñen datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica de protección de datos, de acordo co disposto no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, en concordancia co artigo 52 do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, propoño ó Concello Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO. *Crear, conforme á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os ficheiros que se indican no anexo e solicitar a súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos.*

SEGUNDO. *Publicar integramente o contido do acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo..*

TERCEIRO. *Notificar á Axencia Española de Protección de Datos o contido do acordo adoptado.»*

ANEXO

I. Ficheiro «USUARIOS DO XESTOR DE EXPEDIENTES»

— *Responsable do ficheiro:*

- *Administración a que pertence: Administración local*
- *Administración en que se encadra o órgano: Concello de Xove*

— *Identificación e finalidade do ficheiro:*

- *Finalidade e usos previstos: Datos de identificación dos usuarios do xestor de expedientes. A finalidade e uso é a xestión de usuarios do xestor de expedientes.*
- *Tipificación correspondente á finalidade e usos previstos: Xestión contable fiscal e administrativa, prestación de servizos de certificación electrónica, outras finalidades.*

— *Orixe e procedencia dos datos:*

- *Orixe: empregados municipais que teñan acceso ao xestor de expedientes. Colectivos ou categorías de interesados: empregados municipais.*

— *Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro:*

CONCELLO DE XOVE

- *Datos especialmente protexidos: non procede*

Datos de identificación:

- *NIF/DNI*
- *Nome e apelidos*

Sistema de tratamento: mixto (manual e automatizado).

— *Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, as transferencias de datos que se prevexan a países terceiros: non procede.*

— *Encargado do tratamento:*

— *Nome e apelidos o razón social: AULOCE S.A.*

— *CIF/NIF: A50878842*

— *Enderezo: C/ Bari 39*

— *Localidade: ZARAGOZA*

— *Código postal: 50197*

— *Provincia: ZARAGOZA*

— *País: ESPAÑA*

— *Teléfono: 902194079*

— *Fax: 976332559*

— *Correo electrónico: administracion@espublico.com*

— *Servizo ante o cal o afectado pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Concello de Xove.- Enderezo: C/ Camiño Real S/N*

— *Medidas de seguranza: nivel básico*

II. Ficheiro «TERCEIROS DO XESTOR DE EXPEDIENTES»

— *Responsable do ficheiro*

- *Administración a que pertence: Administración local*
- *Administración en que se encadra o órgano: Concello de Xove*

— *Identificación e finalidade do ficheiro*

- *Finalidade e usos previstos: Datos de identificación dos interesados que participan no procedemento administrativo tramitado no xestor de expedientes. A finalidade e uso é a xestión de terceiros do xestor de expedientes.*
- *Tipificación correspondente á finalidade e usos previstos*

Procedemento administrativo.

— *Orixe e procedencia dos datos:*

Orixe: Interesados participen no procedemento administrativo.

CONCELLO DE XOVE

Colectivos ou categorías de interesados: Cidadáns e residentes, contribuíntes e suxeitos obrigados e demais persoas físicas ou xurídicas que participen no procedemento administrativo.

— *Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro:*

Datos especialmente protexidos: non procede.

Datos de identificación:

— *Nome e apelidos o razón social:*

— *NIF/CIF:*

— *Enderezo:*

— *Código postal:*

— *Municipio:*

— *Provincia:*

— *Teléfono:*

— *Móbil:*

— *Fax:*

— *Correo electrónico:*

Outros tipos de datos:

— *Características persoais*

— *Circunstancias sociais*

— *Académicos e profesionais*

— *Detalles do emprego*

— *Información comercial*

— *Económicos, financeiros de seguros*

— *Transaccións de bens e servizos*

Sistema de tratamento: mixto (manual e automatizado)

— *Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, as transferencias de datos que se prevexan a países terceiros: non se prevén.*

— *Encargado do tratamento:*

— *Nome e apelidos o razón social: AULOCE S.A.*

— *CIF/NIF: A50878842*

— *Enderezo: C/ Bari 39*

— *Localidade: ZARAGOZA*

— *Código postal: 50197*

— *Provincia: ZARAGOZA*

— *País: ESPAÑA*

— *Teléfono: 902194079*



CONCELLO DE XOVE

— Fax: 976332559

— Correo electrónico: administracion@espublico.com

— Servizo ante o cal o afectado pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Concello de Xove: Enderezo: C/ Camiño Real S/N

— Medidas de seguranza: nivel básico

III. Ficheiro «ANOTACIÓN NO REXISTRO DE ENTRADA E SAÍDA»

— Responsable do ficheiro

Administración a que pertence: Administración local

Administración en que se encadra o órgano: Concello de Xove

— Identificación e finalidade do ficheiro

Finalidade e usos previstos: A finalidade e uso é a xestión do rexistro de entrada e saída dos documentos no concello.

Tipificación correspondente á finalidade e usos previstos

— Recursos humanos

— Xestión de nómina

— Prevención de riscos laborais

— Facenda pública e xestión de Administración tributaria

— Xestión económica e financeira pública

— Xestión contable fiscal e administrativa

— Seguranza pública e defensa

— Videovixilancia

— Traballo e xestión de emprego

— Servizos sociais

— Educación e cultura

— Función estatística pública

— Padrón de habitantes

— Xestión do censo de poboación

— Procedemento administrativo

— Xestión sancionadora

— Outras finalidades

Orixe: O órgano emisor dos documentos enviados desde o concello e o órgano receptor do documento enviado ao concello, así como os interesados a que se refiran os documentos.

Colectivos ou categorías de interesados:

CONCELLO DE XOVE

- *Empregados*
- *Cidadáns e residentes*
- *Contribuíntes e suxeitos obrigados*
- *Provedores*
- *Asociados ou membros*
- *Propietarios ou arrendatarios*
- *Estudantes*
- *Representantes legais*
- *Solicitantes*
- *Beneficiarios*
- *Demandantes de emprego*
- *Cargos públicos*
- *Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro:*

Datos especialmente protexidos:

- *Ideoloxía*
- *Afiliación sindical*
- *Relixión*
- *Crenzas*
- *Orixe racial ou étnica*
- *Saúde*
- *Vida sexual*
- *Datos relativos á comisión de infraccións*

Datos da anotación do rexistro:


- *Número de rexistro.*
- *Data e hora de rexistro.*
- *Oficina.*
- *Forma de presentación.*

Datos relacionados co documento presentado:

- *Tipo de documento.*
- *Resumo do documento.*

Datos de identificación do interesado:

- *Nome e apelidos ou razón social:*
- *NIF/CIF:*
- *Enderezo:*



CONCELLO DE XOVE

— Código postal:

— Municipio:

— Provincia:

— Teléfono:

— Móbil:

— Fax:

— Correo electrónico:

Outros tipos de datos:

— Características persoais

— Circunstancias sociais

— Académicos e profesionais

— Detalles do emprego

— Económicos, financeiros de seguros

Sistema de tratamento: mixto (automatizado e manual)

— Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, as transferencias de datos que se prevexan a países terceiros: non se prevén.

— Encargado do tratamento:

— Nome e apelidos o razón social: AULOCE S.A.

— CIF/NIF: A50878842

— Enderezo: C/ Bari 39

— Localidade: ZARAGOZA

— Código postal: 50197

— Provincia: ZARAGOZA

— País: ESPAÑA

— Teléfono: 902194079

— Fax: 976332559

— Correo electrónico: administracion@espublico.com

— Servizo ante o cal o afectado pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Concello de Xove

Enderezo: C/ Camiño Real S/N

— Medidas de seguranza: nivel/medio alto

IV. Ficheiro «EXPEDIENTES INCLUIDOS NO XESTOR DE EXPEDIENTES»

— Responsable do ficheiro

CONCELLO DE XOVE

- *Administración a que pertence: Administración local*
- *Administración en que se encadra o órgano: Concello de Xove*

— *Identificación e finalidade do ficheiro*

- *Finalidade e usos previstos: A finalidade e uso é a xestión dos procedementos que se tramitan no xestor de expedientes.*
- *Tipificación correspondente á finalidade e usos previstos*
- *Xestión contable fiscal e administrativa, prestación de servizos de certificación electrónica, outras finalidades.*

— *Orixe e procedencia dos datos:*

Orixe: Os interesados a que se refiran os procedementos, así como dos documentos que forman parte do expediente.

Colectivos o categorías de interesados:

- *Empregados*
- *Cidadáns e residentes*
- *Contribuíntes e suxeitos obrigados*
- *Provedores*
- *Asociados ou membros*
- *Propietarios ou arrendatarios*
- *Estudantes*
- *Representantes legais*
- *Solicitantes*
- *Beneficiarios*
- *Demandantes de emprego*
- *Cargos públicos*

Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro:

Datos especialmente protexidos:

- *Ideoloxía*
- *Afiliación sindical*
- *Relixión*
- *Crenzas*
- *Orixe racial ou étnica*
- *Saúde*
- *Vida sexual*
- *Datos relativos á comisión de infraccións*

Datos da anotación do rexistro:

CONCELLO DE XOVE

- Número de rexistro.
- Data e hora de rexistro.
- Oficina.
- Forma de presentación.

Datos relacionados co documento presentado:

- Tipo de documento.
- Contido do documento.

Datos de identificación do interesado:

- Nome e apelidos ou razón social:
- NIF/CIF:
- Enderezo:
- Código postal:
- Municipio:
- Provincia:
- Teléfono:
- Móbil:

- Fax:
- Correo electrónico:



Outros tipos de datos:

- Características persoais
- Circunstancias sociais
- Académicos e profesionais
- Detalles do emprego
- Económicos, financeiros de seguros

Sistema de tratamento: mixto (automatizado e manual)

— Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, as transferencias de datos que se prevexan a países terceiros: non se prevén.

- Encargado do tratamento:
- Nome e apelidos o razón social: AULOCE S.A.
- CIF/NIF: A50878842
- Enderezo: C/ Bari 39
- Localidade: ZARAGOZA
- Código postal: 50197
- Provincia: ZARAGOZA



CONCELLO DE XOVE

— País: ESPAÑA

— Teléfono: 902194079

— Fax: 976332559

— Correo electrónico: administracion@espublico.com

— Servizo ante o cal o afectado pode exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Concello de Xove

Enderezo: C/ Camiño Real S/N

— Medidas de seguranza: nivel medio/alto

A Corporación por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-la proposta de Alcaldía do epígrafe anteriormente transcrita.

7º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A SUBIDA DO RECIBO DA LUZ. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó concello Pleno da moción do Partido Popular obrante no expediente que a seguir se transcribe integramente:

O inicio do ano 2011 non podía comezar peor para as maltreitas economías dos fogares e das empresas galegas. A nefasta política económica do presidente Zapatero esmaga aos contribuíntes con subidas dos bens de primeira necesidade como a luz e o gas, nun 10% e un 4% respectivamente.

Desde que goberna o Partido Socialista, a luz non parou de subir, así dende o ano 2006 o recibo da luz subiu mais dun 40%, mentres que cando gobernou o Partido Popular entre 1996 e 2004 o recibo da luz baixou un 14,2%, moi por riba da media da UE.

Esta nova subida da luz é unha mostra máis do fracaso da política enerxética socialista. Neste sentido compre destacar que un terzo da subida experimentada a principios deste ano 2011 é consecuencia da aplicación do Real Decreto que prima o carbón nacional, que ten un maior custe e menor capacidade calorífica que o importado, que é o que se utiliza nas centrais galegas de As Pontes y Cerceda.

Os galegos e as galegas non se merecen este novo castigo do Goberno de España que se engade á baixada dos salarios, á conxelación das pensións, á subida de impostos, ao incremento do prezo da gasolina e do gasóleo e a supresión dos incentivos fiscais á compra de vivenda, do cheque bebé e da axuda de 426 euros ós desempregados de longa duración.

O Partido Popular valora esta subida como grave prexuízo á capacidade adquisitiva de fogares, autónomos, empresas e PEMES, por iso consideramos que é necesario un gran pacto en política enerxética que aporte estabilidade a un dos factores de competitividade máis importantes para a nosa economía, como é a do custe da enerxía.

Polo exposto anteriormente, se somete ao Pleno do Concello de Xove a adopción dos seguintes ACORDOS:

O Pleno do Concello de Xove;

CONCELLO DE XOVE

Manifesta o seu rexeitamento á subida unilateral acordada polo Goberno na Resolución que establece o custo de produción de enerxía eléctrica e as tarifas de último recurso a aplicar no primeiro trimestre de 2011.

Insta ao Goberno de España a alcanzar un gran pacto en política enerxética que permita acometer unha reforma integral do sistema eléctrico en España de forma que non sexan os consumidores os que teñan que pagar a factura da aposta polo carbón nacional e que tanto perxudica aos intereses de Galicia

Insta ao Goberno de España a conxelar o recibo da luz durante o ano 2011, xa que a electricidade é un ben de primeira necesidade que afecta directamente a toda a poboación, así como a competitividade das nosas empresas e, por tanto, ás súas expectativas de creación de emprego.

Polo Sr. Alcalde explícanse brevemente os aspectos máis salientables da Moción transcrita.

Polo Sr. Vázquez Fra manifestase que AVEXO vai votar a favor da aprobación da Moción xa que cos recortes sociais e coa suba dos prezos de produtos e servizos básicos se esta a provocar unha situación insostenible para os cidadanos con menores ingresos.

Polo Sr. Fernández Bouza sinalase que nun contexto de crise como o actual, non se debe cargar as economías familiares con subidas no custo dos seus servizos básicos, e por iso opoñémonos á suba da tarifa eléctrica de último recurso que ven de anunciar o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. Máxime, se temos en conta que nos últimos meses xa se teñen producido diversas modificacións nas tarifas que implicaron unha suba considerábel do recibo da luz a moitas familias.

Non é o contexto de crise o máis adecuado para tentar corrixir o chamado "déficit tarifario" e moito menos o método non pode ser o de repercutilo directamente nos consumidores e consumidoras.

Engade o Sr. Fernández Bouza que o déficit tarifario, compre recordar, comezou a aplicarse durante o goberno do PP no Estado, grazas ao Goberno de Aznar tras unha reforma legal permitíuselle cobrar o máximo prezo do mercado ás eléctricas. Non hai política máis antisocial que incrementar o custo de servizos básicos nun contexto de forte crise económica. É esta unha razón fundamental pola que, do mesmo xeito que nos opoñemos a subida do recibo da luz tamén nos opoñemos ás modificacións contempladas na Lei de Augas de Galiza, por vir a cargar economicamente ás familias. Esta Lei promulgada polo PP contén dous novos tributos, o canon da auga e o coeficiente de vertido, coa única intención de aumentar a recadación por parte do goberno do PP, a costa de familias e particulares.

Remata a súa intervención o Sr. Fernández Bouza sinalando que resulta contraditoria a posición do PP xa que dunha banda se opón á suba do prezo dun servizo básico – a luz -, mentras que pola outra propicia un incremento do prezo da auga, ao gravala mediante un canon inxusto.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que está en contra da subida do recibo da luz pero deixando claro que a maior responsabilidade desas subas e consecuencias das políticas enerxéticas iniciadas polo PP.

Polo Sr. Alcalde sinalase que o déficit tarifario e responsabilidade única e exclusiva da desastrosa política enerxética levada a cabo polo PSOE nos últimos 7 anos.

Rematado o debate, a corporación cos votos favorables dos Concelleiros/as Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Balseiro Canoura, Vázquez Fra, Fernández Basanta, Casabella Lage e Fernández Bouza e coa abstención do Concelleiro Ben Fernández acorda aproba-la Moción do epígrafe anteriormente transcrita.

CONCELLO DE XOVE

8º) ROGOS E PREGUNTAS.

- **Polo Sr. Ben Fernández preguntase se hai algunha novidade na tramitación do PXOM.**

Polo Sr. Alcalde contestase que desde o punto de vista da documentación a Dirección Xeral de Urbanismo non atopou deficiencias no PXOM e na actualidade estase a revisa-lo contido da documentación. Engade o Sr. Alcalde que mañá mesmo ten previsto falar coa Secretaría Xeral para coñece-la marcha da revisión do PXOM.

- **Polo Sr. Fernández Bouza preguntase pola obras de contención que se están a facer na Ruta do Muíños.**

Polo Sr. Alcalde contestase que ditas obras as esta a face-lo Concello porque resulta necesario reforzar algúns puntos para evitar que as riadas destrocen outras vez o sendeiro.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cinco minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo

